



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-DA / 2019

Expediente: 2019000003585

RESOLUCIÓN Nº 23952 DO 10/07/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019- ÁREA DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Logo de ver os seguintes antecedentes:

Primeiro.- Por Resolución da Presidencia 8028, do 28/02/2019 , aprobáronse as Bases Reguladoras das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019- Área de danza e artes do movemento publicadas no BOP nº 44, do 04/03/2019.

Segundo.- De acordo coas bases da convocatoria, por resolución da presidencia número 16660, do 14/05/2019, designáronse os membros do tribunal. A primeira reunión do tribunal tivo lugar o día 05/06/2019 e a segunda reunión o día 27/06/2019.

Terceiro.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Na partida orzamentaria 0612/3262/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2019, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das bolsas propostas.

Quinto.- Constan no expediente o informe da Unidade Xestora, as puntuacións outorgadas e as actas do tribunal .

Sexto.- De conformidade coa distribución que se establece na base 1, o número de bolsas que lle corresponden á Área de danza e artes do movemento é de dúas; non obstante, na reunión conxunta dos tribunais acordouse que unha bolsa declarada deserta na Área de ilustración e banda deseñada, pasase á Área de danza, de xeito que esta área dispón de tres bolsas para conceder ás persoas que acadaron maior puntuación.

RESOLVO:

1.- Aprobar as puntuacións das persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1.

2.- Conceder provisionalmente as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 27.000,00€.

MINORAR o documento contable A con núm. de operación: 220190014224 na cantidade de 9.000,00 €, e o seu documento contable RC con núm. de operación: 220190004059 (nº de expediente: 2019000003586) correspondentes á área de ilustración e banda deseñada, deixando o crédito en dispoñible na aplicación orzamentaria sinalada. Unha vez feitos os movementos contables sinalados, procederase a emitir os documentos contables correspondentes por importe de 9.000,00 €.

3.- Nomear provisionalmente suplentes ás persoas que se citan no Anexo 3.

4.- Publicar a presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, para que as persoas solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou presentar emenda de erros . Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte das persoas solicitantes se formule desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tácitamente.

6.- A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor das persoas beneficiarias propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

ANEXO 1. PUNTUACIONES

NOME E APELIDOS	CURRICULUM	OUTROS	INTERESE PROXECTO	PROBA	TOTAL PUNTOS
BERMUDEZ MUÑIZ, ALBA	1,10	0,00	2,00	2,00	5,10
CANZOBRE DELGADO, ALEJANDRA YAEL	1,50	0,30	2,50	2,00	6,30
INCERA MARTIN, SARA	0,90	0,00	2,40	1,80	5,10
MENDIETA PEREZ, GABRIELA	1,50	0,60	2,90	2,80	7,80
PAN POSADILLA, MARTA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
PAREDES SOLANA, PEDRO	0,90	0,10	2,40	2,70	6,10
PLACER LEMA, MARTA	2,50	0,50	2,50	2,80	8,30
REBOREDO ORTEGA, ALVARO	2,00	0,90	2,80	2,00	7,70
RODRIGUEZ LAZARO, MARTA	1,40	0,10	2,80	2,30	6,60
SANCHEZ TEMPRANO, ISABEL	1,30	0,90	2,80	2,90	7,90
VIEIRO PEREZ, ADRIANA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

ANEXO 2. CONCEDIDAS PROVISIONALMENTE

Persoa Beneficiaria	MENDIETA PEREZ, GABRIELA	
Expediente:	2019000011663	9.000,00
Obxecto:	Estudos de Movemento con Mafalda Deville y Elisabeth Lambeck en Paredes, Oporto (Portugal)	
Persoa Beneficiaria	PLACER LEMA, MARTA	
Expediente:	2019000011642	9.000,00
Obxecto:	Grado superior en danza clásica no Conservatorio Superior de Danza María de Ávila, en Madrid	
Persoa Beneficiaria	SANCHEZ TEMPRANO, ISABEL	
Expediente:	2019000010762	9.000,00
Obxecto:	Half Year Programme in CI + Danza Contemporary in TAnzFabrik Berlín -Setiembre 2019 -febrero/marzo 2020	

ANEXO 3. SUPLENTE

- SUPLENTE 1: REBOREDO ORTEGA, ALVARO
- SUPLENTE 2: RODRIGUEZ LAZARO, MARTA
- SUPLENTE 3: CANZOBRE DELGADO, ALEJANDRA YAEL
- SUPLENTE 4: PAREDES SOLANA, PEDRO
- SUPLENTE 5: BERMUDEZ MUÑIZ, ALBA
- SUPLENTE 6: INCERA MARTIN, SARA